

OS FERTILIZANTES RICOS EN FÓSFORO PLUSMASTER PROPORCIONAN CULTIVOS MÁIS RESISTENTES

O fósforo xoga un papel fundamental no desenvolvemento das pradeiras; por iso, Fertiberia TECH pon a disposición dos agricultores a súa nova gama de fertilizantes ricos en fósforo PLUSMASTER, baseada na tecnoloxía AntiOX, que fortalece o metabolismo das plantas.



O equipo técnico de Fertiberia TECH de Galicia

As pradeiras, xa sexan naturais ou sementadas, son a forma máis económica de proporcionarlles alimento ás especies gandeiras. Para un bo desenvolvemento e unha adecuada produción de forraxe, cómpre poñer a disposición das plantas que constitúen a pradeira unha serie de elementos nutricionais que contribuirán ao seu desenvolvemento.

O fósforo (P_2O_5) é un dos principais macronutrientes na nutrición das plantas, polo que é un elemento fundamental no desenvolvemento das pradeiras. Desde o punto de vista fisiolóxico, trátase dun nutriente esencial dos órganos de reserva da enerxía a nivel celular, que desempeña un papel activo na fotosíntese e división celular, ademais de ser un elemento estrutural das paredes celulares e outros constituíntes das células vexetais.

Nunha fase inicial, este nutriente intervéñe principalmente no desenvolvemento radicular e vexetativo, e no afillado das gramíneas; ademais, ten unha marcada acción sobre a floración e a formación de sementes. A súa actuación é particularmente importante no desenvolvemento das leguminosas, aumenta considerablemente o rendemento e promove un crecemento vigoroso das raíces.

As gramíneas extraen mellor o fósforo do solo, debido ás características do seu sistema radicular. Con todo, está suxeito a mecanismos de fixación consistentes nunha serie de reaccións, máis ou menos reversibles, que o fan indispoñible para as plantas. Para atenuar os efectos da súa fixación nos solos, é necesario coñecer moi ben a parcela que se vai fertilizar, é dicir, o seu pH, contido de arxila e materia orgánica.

Nos chans máis pobres en fósforo, cabe esperar unha mellor resposta á fertilización fosfatada, polo que se incrementa a súa concentración en pradeiras e forraxes, o que mellora o seu valor nutricional para o gando. As deficiencias deste nutriente son difíciles de diagnosticar mediante unha avaliación visual: o crecemento dos cultivos atrasase e, en consecuencia, deixa plantas ananas, delgadas e con poucas raíces. As follas poden volverse de cor verde grisácea, púrpura ou mesmo avermellada, e os síntomas comezan a manifestarse nas follas máis vellas.

Para manter o nivel adecuado de fósforo no chan, débense aplicar anualmente de 20 a 40 kg de P_2O_5 /ha, tendo en conta, entre outros factores, as características e a calidade dos

fertilizantes utilizados. En chans máis pobres e cando se desexen maiores rendementos será necesario aumentar a dose.

Cabe destacar que os solos ácidos da rexión de Galicia limitan a dispoñibilidade de calcio para os cultivos, polo que é fundamental aplicar fertilizantes que acheguen este nutriente. A súa deficiencia pode provocar atrasos no crecemento dos animais novos. Ademais, é preciso para a fixación de nitróxeno por parte das leguminosas e aumenta a tolerancia á calor e a seca. Por tanto, sempre debe estar presente na nutrición vexetal das pradeiras.

Fertilizantes ricos en fósforo e calcio

Para cubrir estas necesidades, Fertiberia TECH pon a disposición dos agricultores a gama de fertilizantes ricos en fósforo PLUSMASTER, que inclúe a tecnoloxía AntiOX. Esta tecnoloxía aumenta o nivel de antioxidantes nas plantas e combate activamente o estrés oxidativo abiótico que, en maior ou menor medida, sempre se produce ao longo do ciclo do cultivo. Baséase nun complexo activado de minerais silíceos, que fortalece o metabolismo das plantas e proporciona cultivos máis resistentes e produtivos.

A recomendación de Fertiberia TECH de fertilización ten como referencia dous produtos, formulados con fosfatos naturais parcialmente solubilizados e ricos en calcio: MASTER 11, con 26 % de P_2O_5 , 25 % de CaO e 9 % de SO_3 e MASTER 16, con 10 % de N, 24 % de P_2O_5 e 20 % de CaO.

Suxestións para a aplicación dos produtos da gama PLUSMASTER

- **MASTER 11**, recomendado para instalación e mantemento a dose de 200 a 400 kg/ha.
- **MASTER 16**, recomendado para mantemento a dose de 200 a 400 kg/ha.

INTERGAL

Agustín de Foxá 27, planta 10
28036 MADRID
ESPAÑA

APP: Fertiberia TECH



www.fertiberiatech.com

